

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 7 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos pola que se publica a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no proceso selectivo, polo sistema de concurso, á condición de persoal estatutario fixo da categoría de facultativo/a especialista de Atención Primaria e se convoca para o acto de elección de destino.

Pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 6 de outubro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 199, do 19 de outubro), habilitouse o prazo de dez días para que as persoas seleccionadas e os/as aspirantes de reserva que figuraban no anexo II da dita resolución, presentasen a documentación exigida na base 9 da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 18 de abril de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 80, do 27 de abril) de convocatoria do proceso selectivo para o ingreso na categoría de facultativo/a especialista de atención primaria.

Nesta mesma base dispónse que os/as aspirantes que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos para participar no presente proceso selectivo, non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións.

Establécese, así mesmo, que comprobada a documentación de todos/as os/as aspirantes aprobados/as, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación definitiva de aspirantes seleccionados/as, e indicará o prazo e o procedemento para a elección dos destinos ofertados.

Pola Resolución do 13 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 202, do 24 de outubro), procédese á resolución parcial do proceso selectivo, ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as na categoría de facultativo/a especialista de Atención Primaria, establecendo a dita resolución que os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes para incorporarse á praza adxudicada. Transcorrido o dito prazo existen aspirantes que non tomaron posesión da praza adxudicada.

A base 10.3 da resolución de convocatoria do proceso establece que a non incorporación ao servizo activo no destino adxudicado e no prazo establecido, sen causa xustificada,



sobrevida á solicitude de participación no concurso, ou de forza maior, impedirá a perfección do nomeamento e a adquisición da condición de persoal estatutario fixo do/da aspirante, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións no proceso. Neste suposto, o órgano convocante procederá a chamar a novos/as aspirantes, no número que corresponda e pola orde de prelación da lista definitiva, para os efectos de que, tras presentar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos exixidos na convocatoria, e optar entre os destinos non ocupados, poidan ser seleccionados/as e nomeados/as persoal estatutario fixo da categoría.

En virtude do exposto, revisada a documentación dos/das aspirantes, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar, como anexo I, a relación actualizada de aspirantes definitivamente seleccionados/as no proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo da categoría de facultativo/a especialista de Atención Primaria, convocado pola Resolución do 18 de abril de 2022, logo de ter acreditado os requisitos exixidos pola base novena desta resolución.

Segundo. A relación actualizada dos/das aspirantes de reserva que teñen acreditado o cumprimento dos requisitos exixidos na resolución de convocatoria do proceso selectivo, publíquese como anexo II desta resolución, e convócaselles ao acto de elección pola orde de prelación que nel se establece.

Terceiro. En cumprimento da base novena da resolución de convocatoria, exclúense do proceso selectivo, quedando anuladas as súas actuacións e decaendo en todos os dereitos derivados da participación neste, os/as aspirantes que non teñen acreditado os requisitos exixidos e que figuraban nos anexos I e II da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 6 de outubro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 199, do 19 de outubro).

Cuarto. A relación de prazas que se ofertan, con prestación de servizos en centro/s de saúde e punto/s de atención continuada de referencia, figuran como anexo III desta resolución, incluíndo as prazas non adxudicadas no acto de elección destino realizado en execución da Resolución do 22 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 184, do 27 de setembro), así como, as que tendo sido adxudicadas non se ten producido a incorporación ao servizo activo no destino adxudicado e no prazo establecido, sen causa xustificada ou de forza maior.



Quinto. Abrir un prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao desta publicación, para que os/as aspirantes seleccionados e de reserva que constan nos anexos I e II desta resolución seleccionen telematicamente, a través do sistema de información Fides/expedient-e, os destinos ofertados por orde de prelación.

No procedemento de selección de destinos resultarán de aplicación as bases aprobadas pola Resolución desta dirección do 28 de maio de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 109, do 5 de xuño).

Os/as aspirantes que, neste prazo e conforme o procedemento establecido, non seleccionen ningún destino ou non resulten adxudicatarios/as de ningún polos que optasen, non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán sen efecto todas as súas actuacións neste proceso.

Sexto. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2022

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO I

Relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as que se convocan ao acto de elección

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Puntuación total
1	***4906**	De Tomé Corton, Álvaro	19,628
2	***5673**	Lorenzo Díaz, Noelia	19,490
3	***5431**	Severino Mercedes, Melquiades	19,435
4	***9999**	Hernández Ramos, María del Rocío	19,430
5	***9031**	Conde Sabaris, Patricia	19,300
6	***5405**	Fernández Leizan, Lucía María	19,300
7	***4629**	Arita Aguilar, Carlos Antonio	19,252



Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Puntuación total
8	***1159**	González Caínzos, Laura	19,100
9	***7229**	Sánchez Pou, Minerva Margarita	18,917
10	***3124**	Vázquez Pedreira, Carla	18,890
11	***8677**	Rey Varela, Alba	18,730
12	***0811**	Fernández Robelo, Uxía	18,540
13	***3668**	Grueiro González, María del Carmen	18,340
14	***2004**	López Rosell, Javier	18,340
15	***4588**	Villar Zamora, Guillermo	18,313
16	***3659**	López Souto, Alba	18,100
17	***0899**	Fernández Rubio, Lucía	18,090
18	***2181**	Freire Nivelá, Karla Judith	17,900
19	***1171**	García Villanueva, María Belén	17,840

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

ANEXO II

Relación de aspirantes de reserva que se convocan ao acto de elección

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Puntuación total
20	***7663**	Joffre Rodríguez, Adriana Nataly	17,821
21	***9905**	Menéndez Rodríguez, Martín	17,689
22	***4653**	De la Iglesia López, Antonio José	17,600
23	***5880**	Gallego Sánchez, María Elena	17,160
24	***4264**	Martínez Canel, Clara	17,160
25	***7624**	Canedo Rodríguez, Raquel	17,150
26	***2940**	Pons Revuelta, Alba	17,090
27	***9072**	Domínguez Espejo, Manuel Ángel	16,965
28	***1845**	Díez Díaz, Daniel	16,940
29	***9064**	Alvites Pinedo, Jack Alexandro	16,923
30	***9800**	López Cordoba, Ana	16,920
31	***5816**	Gómez Villares, Lorena	16,890
32	***7968**	Fariña González, Hadrián	16,355
33	***5424**	Abad Cives, María Laura	16,346



Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Puntuación total
34	***5949**	Sánchez Maseda, Natalia	16,346
35	***3380**	Álvarez Pérez, Otilia	16,300
36	***5222**	Cubero Saldaña, Eva Sofía	16,260
37	***5464**	Roca González, Cristina	16,120
38	***7716**	Nieto Toscano, Ángela	15,900
39	***5912**	Mariño-Ageitos Monteagudo, Salvador	15,790
40	***2129**	Diéguez Varela, Cristina	15,770
41	***2404**	Fernández Pérez, Patricia	15,763
42	***1541**	Losada Abalo, María de los Ángeles	15,570
43	***8478**	Carabajo Gambarotti, Evelyn Johanna	15,450
44	***3341**	De Sousa Valente, Liliana Patricia	15,289
45	***7788**	Giráldez Rodríguez, Zaila	15,075
46	***4853**	Miranda Collao, María Elena	14,702
47	***5606**	Paleo Díaz, María Luisa	14,599
48	***2361**	Álvarez Calleja, Maria	14,550
49	***2064**	Sarmentero González, Nuria	14,540
50	***5112**	Rodríguez Alonso, Miguel	14,070
51	***4232**	Fernández Gómez, Francisco Manuel	13,599
52	***1142**	De Matos Rodrigues, Artur Jorge	13,590
53	***2620**	Alonso García, Hugo	13,450
54	***0775**	Beiro Rozas, Sara	13,210
55	***0684**	Fernández Astray, Laura	12,875
56	***7428**	Rozas García, Sara	12,550
57	***0801**	Peleato Iñarrea, Patricia	12,050
58	***6548**	Núñez-Torrón Núñez, Antón	11,610
59	***8322**	Lobo Martínez, Raquel	11,600
60	***3008**	López Agreda, Sofía Zaida	11,410
61	***8578**	Saco Díaz, Daniel	11,140
62	***0353**	Izquierdo Navarro, Miladys	11,016
63	***7963**	Sánchez Fontarigo, Noelia	10,000
64	***4796**	Rodríguez Sanjurjo, Elisa Concepción	6,820

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.



ANEXO III
Prazas ofertadas

Centro directivo	Servizo de AP	Centro/s	Quenda	Pac/s de referencia
A.S. da Coruña e Cee	Ponteceso	Laxe	Mañá	Ponteceso-Cee
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Burela	Burela	Tarde	Burela
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Burela	Foz	Tarde	Ribadeo-Burela
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Lugo A Milagrosa	Milagrosa	Desprazable	Lugo-Palas de Rei
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Burela	San Cibrao	Mañá	Viveiro-Burela
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Viveiro	Viveiro	Tarde	Viveiro-Ribadeo
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Viveiro	Viveiro	Tarde	Viveiro-Ribadeo
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Vilalba	Xermade	Mañá	Lugo-Guitiriz
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Barco Valdeorras	Barco Valdeorras	Desprazable	Barco Valdeorras
A.S. de Pontevedra e O Salnés	Cambados	Cambados	Desprazable	Cambados-O Grove
A.S. de Pontevedra e O Salnés	O Grove	O Grove	Mañá	O Grove
A.S. de Pontevedra e O Salnés	Vilagarcía de Arousa	San Roque	Tarde	Vilagarcía-Caldas de Reis
A.S. de Vigo	A Guarda	A Guarda	Desprazable	A Guarda-Valmiñor
A.S. de Vigo	Cangas	Cangas	Tarde	Cangas-Moaña-Redondela
A.S. de Vigo	Moaña	Moaña	Tarde	Cangas-Moaña-Redondela
A.S. de Vigo	Moaña	Moaña	Tarde	Cangas-Moaña-Redondela
A.S. de Vigo	A Guarda	O Rosal	Mañá	A Guarda-Valmiñor
A.S. de Vigo	Ponteareas	Ponteareas	Tarde	Ponteareas-Vigo
A.S. de Vigo	Redondela	Redondela-Pazos de Borbén-Fornelos	Mañá	Redondela-Cangas-Moaña

